

Retorno ao Courel

Do Home e da Terra

ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ

A obra de Novoneyra é un canto á terra, ás terras do Courel. A súa triloxía courela: *Os eidos* (1955), *Élexias do Courel* (1966) e *Os eidos 2* (1974), está inzada de referencias ás mallas tradicionais de Parada, ás fiandeiras de liño ou aos apicultures e, ao mesmo tempo, amosa un coñecemento profundo, transmitido de xeración en xeración e por observación persoal, da paisaxe do Courel, o territorio de maior diversidade de toda Galicia.

O Courel é unha terra fermosa, paisaxisticamente moi atractiva, onde alternan amplas e elevadas chairas alombadas, os "tesos cumes que ollan de lonxe" de Novoneyra, con profundos vales, como o de Romeor, encaixados entre paredes case verticais que se precipitan dende os altos cumes. É tamén a lousa e máis a cuarcita, que forman algúns dos relevos máis excepcionais do mundo, como pregue de Campodola-Leixazos, coa caliza gris, sobre a que se forman numerosas simas e covas, como a de Chao Mazairos ou a Buraca das Chóias; o bosque atlántico, sobre todo nas zonas altas, e máis o bosque mediterráneo, nas zonas baixas, polo que no Courel conviven máis de 1.000 especies distintas; os ríos de augas mansas e as fervezas... que agochan un patrimonio natural de incalculable valor, cuxa perda sería literalmente irrecuperable.

A xeoloxía do Courel é un ben patrimonio da humanidade. Nas súas entrañas, a serra agocha depósitos fósiles de fauna ediacárica precámbrica, os primeiros seres vivos que comezaron a poboa a Terra; restos de graptolites e trilobites, animais mariños que viviron hai 500 millóns de anos; un rexistro tectónico intacto da era terciaria, conservado nas fosas de Quiroga e Monforte; evidencias da actividade glacial, como as morrenas de Vilarbacú ou a lagoa de orixe glacial da Lucenza; restos humanos e de fauna cuaternaria extinta, como hienas, rinocerontes, mamuts..., que, segundo o profesor Vidal Romaní,

fan do Courel unha arca de Noé xeolóxica que cómpre conservar, pois constitúe "un libro vivo para mostrar a evolución da tectónica", dos que o pregue tombado de Campodola-Leixazos é unha fermosa mostra.

Unha excepcional riqueza

xeolóxica asociada a unha excepcional riqueza mineral, que fixo que a serra fose explotada dende a época romana: primeiro, para obter o ouro, que extraían de minas como a Toca ou Torubio; logo, o ferro, aproveitado tamén dende a noite dos tempos polos

ferreiros que o traballaron nas numerosas ferrerías tradicionais; e, en tempos recentes, a lousa.

Así mesmo, a esa extraordinaria xeodiversidade, cómpre engadir unha biodiversidade non menos espectacular: no Courel viven arredor de 800

especies de plantas diferentes distribuídas en prados e en matos, nos que predominan as uces e as xestas, aos que tantas veces cantou Novoneyra; pero tamén en devesas, como a devesa de Rogueira, na que se poden atopar faías, carballos, teixos, acivros e ou-

tras moitas especies ben coñecidas na súa evolución estacional polo poeta de Parada, e en soutos, como o de Vilar ou o de Froxán, que non son máis que plantacións de castiñeiras ordenadas artificialmente polas xentes do lugar, posuidoras dun coñecemento profundo da árbore, a súa flor (a candea) e o seu froito, como nos demostra Novoneyra nos seus poemas, dende tempos remotos co fin de producir os mellores froitos e a madeira de mellor calidade.

A biodiversidade faunística tamén é elevada. No Courel habitan exemplares de máis de 160 especies distintas, sobre as que salienta, na cimeira da pirámide ecolóxica, o lobo, tan ben coñecido -e cantado- por Novoneyra; así como os corzos, os coellos, os xabaríns, os raposos..., os cucos, as curuxas, as lavandeiras..., as abellas e, aínda que non as menciona Novoneyra -como se pode comprobar no libro de Xosé Lois García *Unión Novoneyra: home e terra* (Toxosoutos, 2010)-, as moi abundantes e variadas bolboretas, algunhas endémicas.

O Courel está habitado dende vello. As súas aldeas, os seus oficios, as súas xentes son herdeiras dun pasado de harmonía: os traba-

llos e os oficios tradicionais que perviven no Courel, así como a exquisita conservación do seu contorno son boa proba diso. Non obstante, polas terras do Courel enfróntanse os galaicos e os romanos, os bispos e os abades, os nobres e os reis, envexosos da súa riqueza mineral, velai están as minas de ouro da Toca ou de Turbio, explotadas polo método da "ruína montium", ou as minas de ferro, como a de Formigueiros, que permitiron que unha boa parte da poboación vivise da siderurxia, como a de Lousadela ou, sobre todo a máis moderna ferreira nova de Seoane. Froito desa historia é un ricaz patrimonio cultural: os castros de Torre, Vilar ou Brío; o castelo de Carbedo; as numerosas aldeas...



Paisaxe do Courel baixo. / FOTO: ELI REGUEIRA

O Courel, ese excepcional patrimonio da humanidade, está en perigo, malia a súa inclusión na Rede Natura 2000, debido a que algunhas partes vitais para a supervivencia do Courel, como as cuncas do Pacios, o Vilarbacú, o Lor ou o Ferreirío, que non se incluíron na superficie protexida para que a industria da lousa puidese seguir a aproveitar uns recursos da humanidade en beneficio dun poucos.

Nove macrocanteiras, entre elas a vella canteira de La Campa, que traballou durante anos sen licenza municipal, representan a ameaza máis directa á conservación do Courel, pois constitúen unha ameaza directa e inmediata ao pregue tombado de Campodola-

Leixazos; a cunca sur do río Lor, unha área na que se mistura a vexetación mediterránea coa vexetación atlántica e un dos derradeiros hábitats naturais do bufo real; ao habitat natural de centos de animais e plantas que constitúen a verdadeira

culos souberon conservar a biodiversidade dos ecosistemas nos que se integraron. A destrución ecolóxica do Courel, a perda irrecuperable de testemuños da histórica xeolóxica da Terra, non é progreso..., apenas é barbarie en nome dos beneficios duns poucos.

Cómpre desenvolver estratexias solidarias para o desenvolvemento desa comarca. Estratexias que procedan da redistribución da riqueza cara a eses territorios, da integración da veciñanza nos proxectos de economía sustentable e de recuperación dos espazos naturais...

Neste ano dedicado a Novoneyra, non podemos esquecernos dun dos seus principais obxectivos: a defensa da nosa terra, da súa terra.

Un patrimonio a salvar

riqueza do Courel...

Resulta paradoxal, cando non cínico, que a avareza capitalista en aras dun falso progreso "premio" coa destrución da súa paisaxe a aqueles pobos que ao longo dos sé-

MAIOMES DA LINGUA

Programa completo en <http://www.pontevedra.eu/>



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

A Lingua Latéxa

REAL
INSTITUTO GALEGO DA LINGUA